

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

A violencia contra as mulleres nas súas múltiples formas é unha lacra social que ten a súa orixe nun sistema que non acepta a igualdade nin a insumisión das mulleres. Un sistema no que, como consecuencia dunhas relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas, as mulleres son discriminadas, marxgadas e mesmo asasinadas.

A violencia contra as mulleres vai máis aló dunha violencia exercida a título persoal contra as mulleres vítimas; non se pode explicar polas relacións persoais ou afectivas, senón pola situación estrutural de desigualdade das mulleres na sociedade. Non é por tanto un feito que deba ficar na esfera do privado senón un grave problema social, e como tal compételle a toda a sociedade. É unha realidade que afecta a todas as clases sociais.

“Violencia contra as mulleres” significa calquera acto sexista que teña ou poida ter como consecuencia dano físico, sexual, psicolóxico ou sufrimento para as mulleres; e que inclúe o uso da forza, a chantaxe, as presións e as ameazas como mecanismos para obrigalas a seguir desempeñando roles sociais determinados, que seguen a perpetuar a submisión, a invisibilidade e a discriminación das mulleres polo simple feito de seren mulleres.

Desde a Deputación provincial estase a loitar, desde hai tempo, pola igualdade. A creación dunha área específica e a adopción de medidas concretas para favorecer esa igualdade son as principais expresións do compromiso adquirido para combater activamente a violencia de xénero, compromiso no que agora se conta ademais cun importante instrumento, a Lei integral contra a violencia de xénero aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos.

É un enorme avance, pero a realidade esixe que sigamos conmemorando a data do 25 de novembro, e removendo as conciencias de toda a cidadanía, mentres non consigamos erradicar esta terrible lacra social.